

estampas do mundo elegante

Autópsia lírica de Luís S. Pereiro



XESUS CAMPOS

Hospital de tránsito en Berlin, habitación 319. Ou residencia comercial en construción. Un billete de Castromil e unha longa espera nun piso descoñecido.

Sobre a mesa un paquete de tabaco, un bolígrafo, papeis e unha navalla amábel, das que non firen; das de cortar, separar e compartir o pan, os velleños e os versos en canal, coa limpeza e precisión do bisturí que escintila nos escapartes das tendas de material quirúrxico.

Uns ollos que se vencen no acougo da meia-tarde, unhas estrofas que van e veñen latexando, impelidas polo émbolo dos días que pasan como aguilloadas, como calendários de parede.

Unha figura eléctrica, enxoita, despesiteada e sempre envolta en negros e grises, como levando o loito en camaradaria, atravesa a rua a toda presa, párase, escolca a ver quen hai, quen treme, quen le-

va.

A golpe de ar aberto, do tintinear das pingas de orballo que axexan aos soporais, de filmes literarios, de sangues e máis de unguentos, van saíndo versos frios, secos, contundentes e sen concesións ás gramáticas ociosas: velaí a riqueza da súa poesía, capaz de encerrar dez significados nun termo; de lexemas máxicos, de fonemas tóxicos, de siléncios físicos péchase o poema como se pecha un trato. Saen así poemas de dúas, poemas de tres, poemas dun cuarto. Poemas polos bares e na cola dos cines de estreia, nas esquinas, nos portais...

Hai moitos bares, moitos cines e moitos poetas, mais sempre acabas quedándote cun par de bares, un par de cines, un par de poetas. Por aí anda o Luís Pereiro. Trátase agora de saber se se trata dun poeta, dun bar, dunha cafetaria; dun poeta que toma cerveza ou dunha cafetaria capaz de filmar poemas.

MANUEL MIRAGAIA

Non entendo iso das críticas aos gordos. Para min que son ataques totalmente inxustificadas; porque non coñezo a nengun gordo que non sexa terno, simpático, gracioso e boa persoa. Os gordos que coñezo son tranquilos e pacíficos como as baleas, irradian optimismo, acaban coas posíveis ideas de crise, constitúen a mellor propaganda que pode facer un goberno de si mesmo e da súa política social. Aos gordos teñen-lles envexa os fracos, acusando-os de lúdicos e de que son uns auténticos viciosos. Mas os gordos que coñezo son excelentes persoas, incapaces de enganar. Alguns delgados que coñezo, en cambio, son traicioneiros. Os gordos son intelixentes e posúen unha importante cultura gastronómica. Como non se poden mover con tanta facilidade como os magros desenrolaron intensamente o inxénio —Puskas, apesar do bandullo que tiña, era o que metía mais tantos— e o seu intelecto. En vez de se dedicar a actividades físicas aprenderon a contar chistes e a ser graciosos. Son mais simpáticos, xente mais agradable para conversar e xogar ao chinchimoni.

Gosto mais da xente que come bons cocidos que da que se alimenta cunha simple hamburguesa. Prefiro aos gordos, pois non practican aeróbic, nen fan trapalladas polo estilo porque están de moda. Son persoas con ideas propias, con iniciativas distintas, que desafían as modas e ás grandes masas sociais. Non como os

delgados, que aceitan tudo, que non teñen personalidade. Ademais —e isto é o fundamental— non creio que a delgadez sexa sinónimo de beleza ou, en todo caso, que a delgadez dé beleza.

—Vamos, non diga cousas raras.

Non digo nengunha cousa rara. As mulleres delgadas, por exemplo, son como colchóns sen mullido, puros trapos. As gordas, ao contrario, son as mais completas. Non se pode dicir que lles falte nada. E disque é mellor que sobre que falte. Non me explico daquela como non se presentan aos concursos de beleza, sendo como son as mellores. Onde estexa Mae West, coas súas impresionantes curvas que non me poñan de nengunha maneira os ocos da enxoita de Amparo Muñoz. As gordas son as mais sensuais, as mais eróticas. Particularmente as turistas nórdicas que veñen no verán non me excitan nada. Terían arranxo se as fixesen engordar a cada unha dez quilos polo menos. Non comprendo por qué tanta sueca e tanto burro morto.

—Non se pase coas súas ideas orixinais.

De orixinais, nada. Os antergos non querían ver diante unha delgada, habendo gorda. Tiveron que vir os ianquis e os ingleses, povos xeralmente de mal gosto, e alguns médicos sádicos, para trarer a moda da fracura. A delgadez era símbolo de economía débil, sobretudo nas mulleres casadas con fillos. Pola outra banda supuña-se que o gordo era de boa casa, de casa grande, de boa familia que coma

ben; cousa tan rara nesta época.

Creio que debíamos volver ao de antes nas nosas relacións, buscando aos gordos, sendo tamén gordos. Porque pergunto: E que hai algo mellor que ser convidado por unha gorda nunha verbena dunha festa do campo ao cocido do domingo feito por ela ou sua nai na casa? Non se vai comparar este extraordinario costume, hedonista e pantagruélico, co das delgadas do rock e d tecno-pop, que non saben cocíñar nen aprezan os bons pratos, que ao máximo que che convidan, se o fan, é a un hot-dog horrível en calquer hamburgueseria de cheiro apestoso a cerveza e á grasa da cocíña.

Os delgados dan-me mágoa. Son a miúdo homes e mulleres sen persoalidade, influídos pola moda, sometidos ao peor dos réximes, ao réxime aliménticio, a unha terrível ditadura, que dieta a dieta vai controlando a tua vida. Critican muito aos gordos, mas se repartisen gratuitamente nos mellores restaurantes aos viandantes centolas, ostras, rodaballo e cabuxo ao forno xa veríamos se lles importaba tanto que houberse gordos e incluso ser coma eles.

Os gordos desafían as regras sociais, son disidentes dos costumes desta sociedade masificada e estatalista na que vivemos. No futuro estar gordo será entre outras cousas, signo de rebeldía, de contra-cultura. En definitiva, os gordos non deben ter nengun complexo, e se teñen algun só pode ser o de superioridade.



Razóns de peso para ser gordo



brincaparedes

FEFO



SE TRABALLARA EN VEZ DE BEBER VIÑO, OUTRO GALO ME CANTARÍA...

... PERO TAMÉN TERTIA MÁIS CARTOS, CO QUE BEBERTA AÍNDIA MÁIS.

RAZÓN NON CHE SOBRA, MEU SAUTO...

FEFO/28

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N. 255 ● 10 DE OUTUBRO DO 1984 ● 75 PTA.



Naval: situación crítica

"Folga xeral contínua" para Novembro

Xa se coñece o plan de reestruturación que o Goberno quere impor nos grandes estaleiros. Galiza sae malparada soportando máis da metade da chamada 'reconversión'. Os datos con relación a outros estaleiros así o amosan claramente.

Con este motivo está convocada unha folga xeral para o mes de novembro, "até que o Goberno dea marcha atrás", segundo os sindicatos. (Páx. 7)

Neira Vilas:



"Galiza é terceiro mundo"

Crítica

"Agasallo de Sombras" segunda produción do Centro Dramático

"Agasallo de Sombras", obra que xira en torno a Rosalía, é analizada polo escritor Alberto Avendaño nunha crítica que leva por título "Saio de Sombras".

Esta peza de teatro ven de ser vista, no seu estreno, polo público vigués. Despois de "Woyzeck" é a segunda produción do Centro Dramático Galego. (Páx. 19)

Entrevista

J. Ejido, dirixente de HASI e de HB, analiza a problemática basca

J. Ejido, "Takolo", dirixente de HASI e de HB e colaborador do diário 'EGIN', manifesta nesta entrevista unha lúcida análise da situación no País Basco, povo que volta estar de actualidade co gallo das extradicións e do cal non sempre nos chegan os ecos máis representativos. (Páx. 15)



Urbano Lugrís, exposición antolóxica

E a primeira homenaxe que Galiza lle rende ao único representante que tivo do movemento surrealista. (Páx. 19)

Vaia "plan" o de Paco Vázquez!



O Plan de Ordenación Urbana de A Coruña está sendo contestado por amplos sectores coruñeses, incluíndo a concellais do seu propio partido aos que relevaron do seu cargo. Hai aspectos dese plan pouco coñecidos que poden clarificar a política de Francisco Vázquez e do PSOE na Coruña, así como quen está detrás dela e a que intereses está a server. Ademais, outras pretendidas grandes realizacións quedan ao descuberto, aparecendo como claudicacións interesadas do Goberno Municipal. Tamén poderá coñecer, neste amplo informe, quen son os homes que rodean ao chamdo, xa popularmente, "Rei Sol". (Páxinas centrais)